

O Traballo de Fin de Grao

O Traballo de Fin de Grao (TFG) é unha materia dentro do plan de estudos de todas as titulacións da facultade, e supón a realización, por parte de cada estudante e de forma individual, dun proxecto, unha memoria ou un estudo concreto baixo a supervisión dun ou máis directores/as. Neste traballo deben integrarse e desenvolverse os contidos formativos recibidos, así como as capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante o período de docencia do grao.

Os estudantes de Grao ao finalizar os seus estudos deberon adquirir unha serie de competencias xerais, entre as que cabe citar,

1. Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
2. Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
3. Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
4. Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
5. Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
6. Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Xunto con estas competencias xerais, na Memoria de Verificación de cada título defínense unha serie de competencias específicas distintas, que deben terse en conta na formulación, desenvolvemento e avaliación do TFG.

Características dos Traballos de Fin de Grao

O TFG pode ter estrutura e contidos distintos:

- Proxectos de creación de negocios e o seu estudo de viabilidade.

O alumno deberá desenvolver un proxecto empresarial e demostrar a súa viabilidade en relación a todos os aspectos económico-financeiros necesarios. O obxectivo é que o alumno poida chegar a crear un negocio viable e atractivo, e xere riqueza na sociedade.

- Estudos técnicos, organizativos e económicos relacionados cos campos propios da titulación.

Neste tipo de traballos, o alumno debería expor unha solución a un problema real nun contexto determinado.

- Revisión bibliográfica e descrición da estado da arte nun tema determinado.

O traballo consiste en identificar un problema que se pode expor mediante unha ou varias preguntas; o alumno tratará de proporcionar respostas a través dunha argumentación lóxica e coherente a partir dunha revisión da literatura especializada.

- Aplicación dunha metodoloxía científica aprendida polo alumno.

Aplicarase a metodoloxía científica aprendida polo alumno durante o Grao; identificarase un problema que se pode expor mediante unha ou varias preguntas, e o alumno tratará de proporcionar respostas baseadas no razoamento lóxico utilizando os métodos aprendidos.

Os contidos dos TFG propostos deberán axustarse ao número de horas de dedicación previstas no plan (25 horas/ECTS); en particular, os TFG na Facultade de Economía e Empresa prevén un total de 12 créditos ECTS e, polo tanto, 300 horas de traballo do alumno. A carga de traballo para o alumno inclúe o traballo de procura bibliográfica, recompilación e análise de datos, estudo, elaboración e redacción dos contidos, preparación da presentación, e todas as demais tarefas necesarias para superar con éxito a materia.

Extensión do TFG

Con carácter xeral, a extensión do TFG será de entre 8.000 e 15.000 palabras, excluídas a bibliografía e os anexos. Igualmente naqueles casos nos que polo carácter cuantitativo, analítico ou de aplicación ou orientación profesional, non for de aplicación o anterior, o TFG poderá ser defendido, logo do informe favorable do titor. En ningún caso o traballo poderá superar 70 páxinas. Seguirase o formato establecido no modelo de Traballo de Fin de Grao da facultade, dispoñible na súa páxina web. No modelo de traballo de fin de grao especifícanse tamén a estrutura básica e as normas de redacción das referencias bibliográficas..

Actividades docentes do Traballo fin de Grao

As actividades docentes deberán incluír un mínimo de horas de orientación individual proporcionais ao número de créditos do TFG. En particular, para un traballo de 12 créditos ECTS, o mínimo de horas de orientación individual é 6, sendo a carga total de traballo para o alumno de 300 horas.

Cada titor realizará o seguimento dos seus alumnos e valorará o traballo realizado e o grao de consecución dos obxectivos propostos segundo o modelo de informe elaborado pola Comisión de TFG. De acordo co regulamento de TFG da Facultade de Economía e Empresa, o tribunal de avaliación terá en conta devandito informe nas súas deliberacións.